



Asunto: INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE INGRESOS

Orzamento: ANO 2023

De conformidade co artigo 168 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, detállanse, a continuación, as bases de cálculo utilizadas para determinar as previsións de ingresos para o exercicio 2023:

Réxime xurídico de aplicación

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, (TRLRFL).

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, (LOEOSF).

Regulamento (UE) Nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC 2010).

Regulamento (CE) nº 1466/97 do Consello de 7 de xullo de 1997, relativo ao reforzamento da supervisión das situacións orzamentarias e á supervisión e coordinación das políticas económicas, coa modificación operada polo Regulamento 1175/2011, de 16 de novembro, do Parlamento e do Consello.

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, (LRBRL), coas modificacións da Lei 27/2013, (LRSAL).

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o título sexto da LRFL, (RP).

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais coa modificación operada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo.

Bases de Execución do Orzamento.

Aprobación polo Congreso dos Deputados con data 22 de setembro de 2022 da suspensión das regras fiscais para 2023 por apreciarse as circunstancias excepcionais previstas nos artigos 135.4 da CE e 11.3 da LOEOSF.

Artigo 8 da LOEOSF e 165 do RDL 2/2004: Orzamento equilibrado e compatible coa taxa de referencia do 0,1% do PIB para o subsector local.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/11/2022 10:33	Páxina 1 de 7
76-142	CSV: ACAFBB-53BA35-51D14C-2B85NF-1SQ1AC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

I.- BASES DE CÁLCULO

Para a determinación das previsións de ingresos, utilizáronse as seguintes informacións:

- 1.- Os dereitos recoñecidos e liquidados no exercicio de 2021 e a recadación de cada un dos conceptos.
- 2.- A execución de ingresos durante o presente exercicio 2022.
- 3.- A repercusión na estimación de ingresos para o ano 2023 derivada dos acordos plenarios de 26 de xaneiro de 2022, 29 de xuño de 2022 e 28 de setembro de 2022.
- 4.- Ingresos extraordinarios que, previsiblemente, se obterán por procedementos de regularización tributaria: tanto polas actuacións do Servizo de Inspección de Tributos no marco do Plan de Control tributario de 2023 como polas actuacións de comprobación abreviada que realizará o Servizo de Xestión Tributaria.
- 5.- Datos relativos a alteracións catastrais obtidas na xestión do Servizo Municipal de Xestión Catastral Delegada.
- 6.- Estimación dos importes das transferencias do Estado por cesións de tributos correspondentes ao IRPF, IVE, IIEE e fondo complementario de financiamento (FCF) segundo os datos facilitados polo Ministerio de Economía e Facenda. Previsión do importe da Participación de Ingresos da Comunidade Autónoma (PICA). As cesións por IRPF, IVE e IIEE incrementan a previsión para o ano 2023 respecto da realizada en 2022 nun 6,17%, o Fondo complementario de Financiamento incrementa nun 5,82% e a PICA, nun 4,52%. A análise faise sobre as previsións do ano anterior, que son distintas que si se aplicasen sobre as entregas a conta.
- 7.- As Subvencións de capital de outros axentes financiadores que xuntamente coa Entidade Local, cofinancian proxectos de infraestruturas.
- 8.- As previsións de ingresos foron realizadas con criterio de prudencia, tendo en conta a actual conxuntura económica pois as Ordenanzas Fiscais non actualizaron tipos nin bases impositivos en impostos, taxas nin prezos públicos.



II.- ANÁLISE DOS DISTINTOS CAPÍTULOS

A análise faise tendo en conta cada un dos conceptos, avaliando en cada caso as causas que orixinan a variación, aínda que as mesmas, son de tipo tendencial. Os recursos das facendas locais, ao igual que o resto do sector público, son moi sensibles ás conxunturas económicas.

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DE INGRESOS

Capítulo	Descrición	Importe
Operacións Correntes		
I	IMPOSTOS DIRECTOS	112.173.330,00 €
II	IMPOSTOS INDIRECTOS	10,615,870.00 €
III	TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	40,833,990.47 €
IV	TRANSFERENCIAS CORRENTES	104.360.232,81 €
V	INGRESOS PATRIMONIAIS	2,935,252.62 €
Total ingresos por operacións Correntes		270.918.675,90 €
Operacións de Capital		
VI	ENAJENACIÓN DE INVERSIÓN REAIS	0.00 €
VII	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	17,585,375.67 €
Total ingresos por operacións de capital		17,585,375.67 €
Operacións financeiras		
VIII	ACTIVOS FINANCEIROS	500.000,00 €
Total ingresos por operacións financeiras		500,000.00 €
TOTAL INGRESOS		289,004,051.57 €



ORZAMENTO COMPARATIVO DO ESTADO DE INGRESOS ANO 202-2023 ATENDENDO A NATUREZA ECONÓMICA

Capítulo		Importe 2022	2023	+/- vari. %
1	Impostos directos	113.120.306,00 €	112.173.330,00 €	-0,84%
2	Impostos indirectos	10,362,766.18 €	10,615,870.00 €	2.44%
3	Taxas, prezos Públicos e outros ingresos	39,928,577.00 €	40,833,990.47 €	2.27%
4	Transferencias correntes	93.297.348,57 €	104.360.232,81 €	11.86%
5	Ingresos patrimoniais	2,784,059.76 €	2,935,252.62 €	5,43%
6	Enajenación de inversións reais	0,00 €	0,00 €	0.00%
7	Transferencias de capital	22.798.167,82 €	17.585.375,67 €	-22.86%
8	Activos financeiros	500,000.00 €	500,000.00 €	0.00%
TOTAL INGRESOS		282,791,225.33 €	289,004,051.57 €	2,20%

Do importe total do orzamento de ingresos (289.004.051,57 €) corresponden a operacións correntes 270.918.675,90 € (capítulos I a V) e a operacións de capital, 18.085.375,67 €.

CAPITULO I.- IMPOSTOS DIRECTOS

Importa este capítulo 112.173.330,00 € e representa un 38,81% do total do orzamento.

O importe das previsións deste capítulo para o exercicio do 2023 decrece nun 0,84% respecto das previsións aprobadas no orzamento de ingresos de 2022.

A previsión do importe da cesión do IRPF regulada no artigo 112 do Texto Refundido da LRFLL ascende a 7.991.330,00 millóns de euros, supoñendo un 7,12 % do total da imposición directa do Concello (Capítulo I). Supón un 2,77% do total do orzamento e un 2,95% das operacións correntes. Aumenta un 12,98% respecto da previsión do exercicio 2022. Esta partida, xunto coas restantes cesións de tributos do Estado así como a correspondente partida do Fondo complementario de Financiación do Estado constitúen a chamada participación nos Ingresos do Estado (PIE).

As previsións do Imposto sobre Bens Inmóveis de natureza urbana para o ano 2023 ascenden a 68.800.000,00 euros, as previsións do Imposto sobre Bens Inmóveis de características especiais (BICES), a 2.500.000 euros e as do Imposto sobre Bens Inmóveis de Natureza Rústica, a 50.000 euros.

As previsións destas tres partidas, contempladas no seu conxunto, supoñen un 24,69% do total do orzamento e un 26,34 % das operacións correntes. Os seus importes son case idénticos aos previstos para 2022 presentando unha pequena variación alcista de 135.000€ no IBI de natureza urbana unha vez deducido o impacto previsible pola aplicación da Bonificación do 50% nas cotas do imposto no caso de instalación de sistemas de aproveitamento de enerxía solar en inmóveis de uso residencial.





As previsións do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica para o ano 2023 ascenden a 14.900.000,00 euros, idéntica previsión á 2022, e representan un 5,16% do total do orzamento e un 5,50% das operacións correntes.

As previsións do Imposto sobre Incremento de Valor dos Terreos de Natureza urbana para o ano 2023 ascenden a 5.400.000,00 euros representando un 1,87% do total do orzamento e un 1,99% das operacións correntes. Redúcese o importe desa previsión respecto da realizada para o ano 2022 en 2 millóns de euros como consecuencia da nova normativa do imposto: RDL 26/2021 de 8 de novembro convalidado por resolución do Congreso do Deputados de 2 de decembro de 2021.

As previsións do Imposto sobre Actividades Económicas para o ano 2023 ascenden a 12.530.000,00 euros, idéntica previsión de 2022, e representan un 4,34% do total do orzamento e un 4,63% das operacións correntes.

CAPITULO II.- IMPOSTOS INDIRECTOS

Importa este capítulo 10.615.870,00 euros e representa un 3,67% do total do orzamento e un 3,92 % do total de operacións correntes.

O importe das previsións deste capítulo para o exercicio do 2023 supón un incremento do 2,44% respecto das previsións aprobadas no orzamento de ingresos de 2022.

A previsión do importe da cesión do IVE regulada no artigo 112 do Texto refundido da LRFL ascende a 6.132.570,00 euros. Supón un 2,12 % do total do orzamento e un 2,26% das operacións correntes. Aumenta un 0,34% respecto da previsión do exercicio 2022, aínda que diminúe en relacións coas entregas a conta. Esta partida, xunto coas restantes cesións de tributos do Estado así como a correspondente partida do Fondo complementario de Financiación do Estado constitúen a chamada Participación nos Ingresos do Estado (PIE).

A previsión do importe da cesión de Impostos sobre consumos específicos regulada no artigo 112 do Texto refundido da LRFL ascende a 1.732.300,00 euros. Supón un 0,60% do total do orzamento e un 0,64% das operacións correntes. Diminúe un 1,00% respecto da previsión do exercicio 2022. Esta partida, xunto coas restantes cesións de tributos do Estado así como a correspondente partida do Fondo Complementario de Financiación do Estado constitúen a chamada Participación nos Ingresos do Estado (PIE).

A previsión do Imposto sobre Construcións Instalacións e Obras para o ano 2023 ascende a 2.750.000 euros e representa un 0,95% do total do orzamento e un 1,02% das operacións correntes. Incrementábase nun 10,00% respecto ao exercicio 2022, tendo en conta os datos de liquidación deste tributo a 30 de setembro de 2022.



CAPITULO III.- TAXAS E OUTROS INGRESOS

Importa este capítulo 40.833.990,47 € e representa un 14,13% do total do orzamento e un 15,07 % do total de operacións correntes.

O importe das previsións deste capítulo para o exercicio do 2023 crece nun 2,27% respecto das previsións aprobadas no orzamento de ingresos de 2022.

As previsións da Taxa de recollida do Lixo, comercial e vivendas para o ano 2023 ascenden a 5.250.000 € na partida 30200 de lixo comercial e 12.200.000 € na partida 30201 de lixo vivendas, incrementándose esta última un 0,82% respecto da previsión para o ano 2022 tendo en conta os resultados liquidados no presente exercicio. A cifra conxunta de 17.450.000 € representa un 6,04% do total do orzamento e un 6,44% das operacións correntes.

Faise constar, respecto da partida 31200 Taxa Escolas Infantís, a súa práctica desaparición por acordo Plenario 29 de xuño de 2022.

Neste capítulo son relevantes pola súa contía os aproveitamentos especiais da vía pública, maioritariamente no subsolo, realizados por empresas explotadoras de servizos de interese xeral que tributan ao concello o 1,5% dos ingresos brutos obtidos polas mesmas no municipio. Estímase un incremento de 1.250.000 € na partida relativa á Taxa do 1,5 dos Ingresos Brutos das empresas de electricidade e gas derivado do incremento na facturación destes servizos. Ao mesmo tempo, prevese unha redución de 1.220.000 € na partida relativa ás Taxas de Empresas titulares de redes de telecomunicacións por aplicación da Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia pronunciada acolléndose a un cambio xurisprudencial do Tribunal Supremo ditado, a súa vez, como consecuencia de cambio do criterio xurisprudencial do Tribunal de Xustiza de la Unión Europea.

CAPITULO IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES

Importa este capítulo 104.360.232,81 € e representa un 36,11 % do total do orzamento e un 38,52% do total de operacións correntes.

O importe das previsións deste capítulo para o exercicio 2023 supón un incremento do 11,86 % respecto das previsións aprobadas no orzamento de ingresos de 2022.

A previsión da Participación no Fondo complementario de Financiación do Estado para o ano 2023 ascende a 82.168.870,00€ e representa un 28,43% do total do orzamento e un 30,33 % das operacións correntes. Aumenta un 5,82% respecto da previsión do exercicio 2022. Esta partida xunto coas reseñadas anteriormente como Cesión de Tributos do Estado constitúen a chamada participación nos Ingresos do Estado (PIE).

A participación nos ingresos da Comunidade Autónoma (PICA) ascende a 6.479.801,46 €. Supón un 2,24% do orzamento total e un 2,39% das operacións correntes. Aumenta un 4,52% respecto da previsión para o exercicio 2022.

A partida 45002 Lei de Dependencia Servizo de Axuda no Fogar-Aportación da Comunidade Autónoma. Acada para o 2023 o importe de 7.226.500 € con un incremento do 73,41 % respecto da previsión realizada para o exercicio 2022, por incrementarse as horas de prestacións aprobadas pola Comunidade Autónoma ata un total de 611.000 horas así como a porcentaxe de cofinanciamento (o cofinanciamento ascende a 11,5 €/hora dun custe total de 16,69€/hora).

A partida 46102 do Convenio 2021-2023, do Programa Mellora de firmas da Deputación de Pontevedra incrementa 1.200.000 € respecto da previsión para o exercicio 2022.



CAPITULO V.- INGRESOS PATRIMONIAIS.

Importa este capítulo 2.935.252,62 €, aumenta un 5,43% respecto ao orzamento de 2022.

Representa un 1,02% do total do orzamento e un 1,08 % do total de operacións correntes.

CAPITULO VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL.

Figura unha previsión de Ingresos neste capítulo para o ano 2023 de 17.585.375,67 €, supoñendo un decremento do 22,86 % respecto do exercicio 2022.

As contías reflectidas en relación con este financiamento finalista, figuran nos artigos 76 e 79.

O cofinanciamento da Deputación de Pontevedra ascende a 7.383.462,43 € en diferentes proxectos nos que destacan o cofinanciamento Dunas Samil primeira fase, cofinanciamento Vigo Vertical Camelias-Hispanidade-Romil e, San Roque entre G.Espiño e Reiseñor.

Nos subconceptos 79153 a 79169 figuran unha serie de proxectos con financiamento europeo FEDER polo mecanismo de recuperación e resiliencia (MRR) por unha contía total para o concepto 791 do Fondo de desenvolvemento rexional de 10.201.913,24 €.

O importe das transferencias de capital no orzamento de 2023 supón un 3,53% do total do orzamento.

CAPITULO VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS.

Importa este capítulo 500.000 € e representa un 0,17% do total do orzamento e un 100% do total de operacións financeiras.

Vigo, outubro de 2022

Asinan dixitalmente, A Directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada e O Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/11/2022 10:33	Páxina 7 de 7
76-142	CSV: ACAFBB-53BA35-51D14C-2B85NF-1SQ1AC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		